



RESOLUCIÓN RECTORAL DE 9 DE ABRIL DE 2003 POLA QUE A UNIVERSIDADE DE VIGO, EN COLABORACIÓN CON CAIXANOVA, FAI PÚBLICA A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE VIAXE E ESTADÍAS DA CÁTEDRA CAIXANOVA DE ESTUDIOS FEMINISTAS

A Universidade de Vigo fai pública unha convocatoria de axudas á investigación que terán como obxectivo contribuir á formación do alumnado de terceiro ciclo en materia de teoría (s) e metodoloxía (s) feministas.

OBXECTIVOS

A subvención aplicarase ás seguintes finalidades:

Modalidade A

Financiar parcialmente desprazamentos para a presentación de comunicacións en congresos ou reunións científicas que se celebren no ano 2003 fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

Modalidade B

Financiar parcialmente a realización de estadías que, en todo caso deberán rematar no ano 2003, en Centros de Investigación de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, de duración comprendida entre 15 días e 2 meses.

SOLICITANTES

Alumnos/as de 3º ciclo (predoutorais ou realizando os cursos de doutoramento) da Universidade de Vigo.

FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES

Tódolos solicitantes:

- Solicitude de axuda no impreso normalizado VR-37
- Declaración xurada de non ter recibido axuda doutra institución para a mesma finalidade.

Modalidade A:

- Documento acreditativo da organización do congreso científico.
- Copia da comunicación ou resumo da mesma enviada ó Congreso.

Modalidade B:

- Breve resumo (150 palabras), do traballo de investigación que se vai realizar, xustificando o interese da mesma.
- Documento que acredite a admisión no centro para o que se solicita a estadía. Se este documento está en trámite, deberase achegar copia da correspondencia que se mantivo a tal fin. En todo caso, a admisión deberase entregar con anterioridade á reunión da Comisión da Cátedra.

Alumnos/as de Terceiro Ciclo:

- Documento acreditativo (resgardo de matrícula de terceiro ciclo ou proxecto de tese aprobado en Consello de Departamento).
- Informe do director/a da Tese ou do Titor/a xustificando o interese do desprazamento/estadía.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Esta convocatoria permanecerá aberta ata as **14 horas do 30 de maio de 2003**.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes poden presentarse no rexistro xeral da Universidade (r/ Oporto, 3 - Vigo) ou nos rexistros auxiliares dos campus universitarios de Vigo (Edificio C.A.C.T.I.-Lagoas Marcesende s/n Vigo), Ourense (As Lagoas, s/n Ourense) e Pontevedra (Facultade de CC. Sociais - Campus da Xunqueira).

AVALIACIÓN E SELECCIÓN

A Comisión da Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas.

Efectuada a valoración, a Comisión elevará, a través do Vicerrectorado de Relacións Institucionais, unha proposta definitiva de resolución ó Sr. Rector da Universidade.

O non axustarse á convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será causa de desestimación da solicitude.

NATUREZA E CONTÍA DAS SUBVENCIONS

O importe da axuda establecerá a Comisión da Cátedra Caixanova de estudos Feministas e está suxeita á retención do IRPF correspondente.

Para establecer a contía teranse en conta como referencia os criterios e importes aprobados na Convocatoria de axudas á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2003.

Estas bolsas son incompatibles con calquera outra axuda concedida en convocatorias públicas, para a mesma finalidade, comprometéndose en tal caso o solicitante a facer efectivo o reembolso da axuda concedida por esta Universidade.

PAGAMENTO

Modalidade A:

O importe das bolsas farase efectivo unha vez que o solicitante remita ó Vicerrectorado de Relacións Institucionais, dentro do mes seguinte ó do seu retorno, a seguinte documentación:

- Copia do certificado de asistencia ó Congreso, coloquio ou seminario, onde se acredite a presentación dunha comunicación

O non cumprimento desta condición suporá a renuncia á bolsa de viaxe.

Modalidade B:

O 70% da bolsa farase efectivo no momento da concesión da subvención. O 30% restante será liquidado unha vez que o solicitante remita ó Vicerrectorado de Relacións Institucionais, **dentro do mes seguinte** ó do seu retorno, a seguinte documentación:

- Un breve resumo do traballo realizado.
- Unha copia do certificado expedido no centro receptor onde se especifique o tempo da estadía.

O non cumprimento desta condición en prazo suporá a perda automática do 30% restante. Se transcorrido outro mes non cumpre dita condición suporá a renuncia á bolsa coa obriga de devolve-la cantidade percibida.

INCIDENCIAS

O Vicerrector de Relacións Institucionais logo da proposta da Comisión da Cátedra Caixanova de estudos feministas, resolverá tódalas consultas, dúbidas ou incidencias que xurdan na aplicación da presente convocatoria.

Os beneficiarios deben mencionar nas publicacións científicas que se deriven da estadía a axuda recibida pola Cátedra Caixanova de estudos feministas.

Vigo, 9 de abril de 2003

O Rector

Domingo Docampo Amoedo